

**CONCELLO
DE VIGO**



Axenda *Imaxina Sons*'15 **DOMINGO 28 DE XUÑO**

DOMINGO 28 DE XUÑO

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Tres Tristessen Trío. Praciña de Joaquín Yáñez

COMENTARIOS

O Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons* propón para o domingo 28 unha sesión en directo no casco vello con Tres Tristessen Trío

Continúa o circuío "Jazz fóra de lugar" o domingo 28 de xuño dentro da programación do 11º Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*. A partir das 13h na praza de Joaquín Yáñez (diante da Biblioteca Central) terá lugar o concerto de Tres Tristessen Trío (TTT). Trátase dunha formación de jazz acústico formada por Toño Otero (saxo), Juansy Santomé (contrabajo) e Javier Barral (batería). Os tres músicos únense neste novo proxecto tras anos participando activamente na escena jazzística nacional a través de varios proxectos.

Neste novo formato sen instrumento armónico afrontan o reto de buscar unha sonoridade persoal que lles permita crear un espazo de expresión e interacción sempre con arranxo á tradición do jazz. O seu repertorio componse de temas orixinais así como de jazz standards que reinterpretarán desde unha perspectiva de honestidade musical. Nos seus concertos afrontan contradicións tanto persoais como universais, como as problemáticas de como dirixir un grupo sen líder ou a procura dun espazo entre South Park e Pirandello, que serán expostas ante un público ao que non prometen solucións doadas.

Consideran cada actuación como un acto de toma de consciencia do valor da experiencia compartida tanto entre os compoñentes do trío como entre eles e a audiencia. É esta comuñón musical o que buscan e ofrecen ao público nos seus directos. Actualmente están traballando nun repertorio do que extraerán o material para a grabación do que será o seu primeiro disco que gravasen en próximas datas.

**CONCELLO
DE VIGO**



O luns 29 de xuño arrancan os concertos do festival no Museo de Arte Contemporánea de Vigo MARCO co batería L.A.Legido. Continuarán o martes 30 co violinista portugués Gil Dionísio e o mércores 1 de xullo coa música experimental Eli Gras. Todos os concertos do MARCO ás 20:30h e cun prezo de 3 euros. Tamén o luns 29 darán comezo os obradoiros da Academia de Sons.

Venda de entradas:

www.ataquilla.com / 902 504 500

Central de Espectáculos (Velázquez Moreno, 26)

Concertos de pagamento

-Salón de actos do MARCO: 3 € + gastos de xestión

-Auditorio Municipal do Concello: 5 € + gastos de xestión

Venda de entradas no mesmo día dos concertos

Nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Máis información:

www.imaxinasons.com / www.vigocultura.org